

## 1. - Conexión

Poderán acceder á operativa deste servizo toda a cidadanía deste Concello así como, se é o caso, as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

Sexan maiores de idade (no caso de persoas físicas)

Dispoñan de plena capacidade xurídica para actuar.

Asinasen esta normativa de utilización do servizo por si mesmos ou a través de representante ou apoderada/o debidamente autorizada/o para estes efectos.

A/O cidadá/án deste Concello ou que teña operacións de tramitación con este Concello, así como apoderadas/os ou representantes, para que accedan a través destes servizos á información e procedementos que se ofrecen, nos cales poderán operar, sempre e cando estas/es operadores ou representantes se atopen especificados expresamente na cláusula que o afectado é incluído nesta normativa.

Correrán a cargo da persoa solicitante os elementos necesarios para facer posible a comunicación co Concello e, tamén, o custo que comporte o mantemento e a utilización desta comunicación.

## 2. - Ampliacións do servizo

O servizo poderá incorporar progresivamente novas prestacións que amplíen a operativa entre a cidadanía e o Concello.

## 3. - Obrigas

A cidadanía aceptará a utilización do servizo nas condicións e segundo a normativa establecida por este Concello, comprometéndose ambos os dous a cumprir e respectar as normas sobre comunicacións que o Concello se compromete a comunicarlle á cidadanía. Tanto a cidadanía coma o Concello aceptan que o intercambio de información e ordes a través deste servizo ten a mesma validez que a entrega de impresos e documentos asinados de propia man, e que en caso de discrepancia entre os datos e extractos indicados en papel prevaleza a información impresa en papel.

O Concello de Lugo cumpre, na xestión e administración dos sistemas TIC, as medidas mínimas de seguridade establecidas no Esquema Nacional de Seguridade así como as contidas nas Políticas de Seguridade da Información aprobadas na súa sesión plenaria do 4-02-2013.

O Concello de Lugo, non se responsabiliza das consecuencias que se deriven de fallos técnicos ou de seguridade nas redes de comunicación alleas a el, así como ás derivadas do uso fraudulento das claves de acceso facilitadas ás persoas usuarias a través dos procedementos establecidos e cuxa custodia lles correspondan

A/O cidadá/án comprométese a:

Acreditar os datos que lle sexan solicitados para a utilización do servizo e confirmar, mesmo por escrito, as ordes transmitidas cando o requira o Concello como medida de protección, en defensa da confidencialidade e da seguridade do sistema, ou por imperativo legal.

Informarlle inmediatamente ao Concello en casos de perda, subtracción, uso ou coñecemento indebido por parte de terceiros, do seu certificado ou DNle.

Comunicarlle ao Concello, a través de calquera medio axustado a dereito, a modificación dos datos do medio técnico utilizado para a recepción de información, ou das características das informacións que lle afectan á cidadanía.

Comunicarlle ao Concello calquera circunstancia que poida afectar ao bo funcionamento do servizo.

Manter e utilizar correctamente os programas e dispositivos que lle fosen entregados, se é o caso, que non poderán ser obxecto de ningunha forma de copia nin alteración ou manipulación e que deberá devolverlle ao Concello ao finalizar este acordo de utilización deste servizo.

Responder dos danos e perdas que poida ocasionar o mal uso da súa conexión.

Responder persoalmente ou a través dos seus apoderados ou representantes, se é o caso, dos danos e perdas que puidese ocasionar por incumprimento das obrigas antes detalladas.

#### 4. - Duración/rescisión

A duración deste acordo é por tempo indefinido, sempre e cando a persoa usuaria o considere así; o Concello resérvase a potestade de rescindir el este acordo ou de refacer un novo cando a persoa usuaria non cumpra as cláusulas que nel se especifican. Tanto a/o cidadá/án coma o Concello poderán rescindir o acordo, por mutuo entendemento ou de xeito unilateral por calquera das dúas partes, mediante comunicación escrita. Todas as operacións ordenadas con anterioridade á rescisión terán valor legal e vixencia ata a total finalización dos trámites destas. O Concello poderá interromper a prestación do servizo temporal ou definitivamente en caso de producirse modificacións relevantes na situación da cidadanía ou titulares do servizo, ou se observa incumprimento das súas normas de uso. O Concello resérvase o dereito de modificar as condicións do servizo, o período e os procedementos técnicos de identificación e validación dos datos transmitidos, de acordo coas súas necesidades. A non aceptación destas modificacións por parte das persoas titulares do servizo suporá a rescisión anticipada do servizo obxecto desta normativa.

#### 5. - Sometemento á arbitrase

As partes sométense a todo o acordado nesta normativa de uso do servizo "Carpeta Cidadá", e acordan que calquera discrepancia ou controversia que se suscite en relación con esta, ou estea relacionada con ela de forma directa ou indirecta, será sometida polas partes contratantes á decisión do tribunal arbitral competente nesta xurisdición. Da mesma forma, as partes fan constar expresamente o seu compromiso de cumprir o laudo arbitral que se dite e, se non, o dos tribunais da provincia no seu propio foro.